



CONVOCATORIAS UNIÓN EUROPEA

MARZO 2011



INDICE

- ★ [Educación, Formación, Xuventude](#)
- ★ [Emprego e Asuntos Sociais](#)
- ★ [Investigación](#)
- ★ [Medio Natural](#)



★ EDUCACIÓN, FORMACIÓN, XUVENTUDE



Convocatoria de Propostas Específica. Carta Universitaria Erasmus 2012 - EAC/16/11

- **Descrición:** A Carta Universitaria Erasmus establece o marco xeral para as actividades de cooperación a nivel europeo que un centro de ensino superior pode realizar no marco do programa Erasmus como parte do **Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP)**.
- **Obxectivos:**
A Carta Universitaria Erasmus debe concederse como requisito previo para que o centro de ensino superior organice a mobilidade dos estudantes e o persoal docente e doutro tipo, imparta os cursos intensivos de idiomas e os programas intensivos de Erasmus, e presente a súa candidatura para proxectos multilaterais, redes e medidas de acompañamento e organice visitas preparatorias.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta á participación de calquera tipo de organización.
Os solicitantes deberán estar establecidos nun dos países seguintes:

os vinte e sete Estados membros da Unión Europea;

os países da AELC: Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza;

os países candidatos: Turquía e Croacia.
- **Financiamento:** Consulte convocatoria
- **Prazo:** 25 de maio de 2011.



- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos, vía [presentación electrónica](#)
- [Texto da convocatoria](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 99/05](#) do 31.03.2011
- [Páxina principal no servidor Europa](#)

Convocatoria de Propostas - Asistencia para a cooperación en Europa en materia de educación e formación - EACEA/15/11

- **Descrición:** A convocatoria de propostas ten por obxectivo **apoiar a elaboración e a aplicación de estratexias e políticas de aprendizaxe permanente coherentes e exhaustivas nos ámbitos nacional, rexional e local**, que abarquen e interconecten todos os tipos (formal, non formal, informal) e todos os niveis de aprendizaxe (educación infantil, primaria, secundaria, superior, de adultos, estudos técnicos e formación profesional inicial e continua), creando nexos con outras áreas políticas pertinentes (por exemplo, emprego e inclusión social).
- **Obxectivos:** Estes obxectivos plasmaranse en:
 - O **apoio á sensibilización e o compromiso institucional**, a coordinación e a asociación con todas as partes interesadas, co fin de contribuír á posta en práctica a escala nacional do catro prioridades estratéxicas do “Marco estratéxico para a cooperación europea en materia de educación y formación (ET 2020)”
 - O **respaldo da cooperación transnacional e o intercambio de experiencias e boas prácticas** na formulación e a execución de estratexias e políticas de aprendizaxe permanente coherentes e exhaustivas, a escala tanto nacional, como rexional, que comprendan todas as formas e os niveis de ensino
 - O **apoio á determinación dos factores fundamentais**, e mediante a experimentación conxunta, posta a proba e transferencia de prácticas innovadoras en materia de formulación e aplicación de estratexias e políticas de aprendizaxe permanente.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta para entidades públicas (todo tipo) e universidades.
- **Financiamento:** O Orzamento total das contribucións é de **2,8 millóns €**.



- **Prazo:** 30 de xuño de 2011.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Dirección para el envío postal o por servicio de mensajería

Agencia Ejecutiva para la Educación, el Sector Audiovisual y la Cultura
Unidad P3 — LLP: Leonardo da Vinci, Grundtvig and Dissemination, Actividad clave 1 — ECET
Convocatoria de propuestas EACEA/15/11 (Parte A.1/Parte A.2/Parte B)
BOU2 02/145
Avenue du Bourget/Bourgetlaan 1
1140 Bruxelles/Brussel
BELGIQUE/BELGIË

- [Texto da convocatoria](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 93/10](#) de 25.03.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)



★ EMPREGO E ASUNTOS SOCIAIS



Convocatoria VP/2011/002

- **Descrición:** De acordo coas observacións no orzamento da Unión Europea, esta partida orzamentaria destínase a cubrir as subvencións para medidas de información e capacitación para as organizacións de traballadores de conformidade co artigo 154 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Estas medidas deben estar vinculadas á aplicación da acción da Unión Europea na dimensión social do mercado interior, incluída a cuestión da igualdade de xénero, e a unión monetaria.
- **Obxectivos:** Os obxectivos desta convocatoria inclúen as medidas e iniciativas relacionadas coa adaptación do diálogo social aos cambios no emprego e o traballo e os retos relacionados, tales como **facer fronte á modernización do mercado de traballo, a calidade do traballo, a anticipación, preparación e xestión do cambio e a reestruturación, a flexibilidade, as habilidades, a mobilidade e a migración, o emprego dos mozos, as contribucións á estratexia de saúde e a seguridade, a conciliación do traballo e a vida familiar, a igualdade de xénero, a acción no ámbito da loita contra a discriminación, o envellecemento activo, a inclusión activa e o traballo decente.**
- **Solicitantes:** Para ser elegible, os solicitantes deben:
 - Ser organizacións de interlocutores sociais que representan a traballadores, a nivel nacional, europeo ou rexional;
 - Que as persoas xurídicas esten debidamente constituídas e rexistradas. En aplicación do artigo 114 do Regulamento financeiro, as organizacións de traballadores sen personalidade xurídica pódense tamén aproveitar de que os seus representantes teñan capacidade para levar a cabo obrigacións xurídicas no seu nome e asumir responsabilidade financeira;



- Ter o seu domicilio social nun dos Estados membros da Unión Europea;
- Non estar nunha das situacións contempladas nos artigos 93 (1), 94 e 96 (2) (a) da Regulation Financeira.
- **Financiamento:** O orzamento total indicativo na presente convocatoria de propostas é de **EUR 3 420 000**. Polo menos dous terzos desta dotación orzamentaria destínase ás solicitudes presentadas polas organizacións a nivel europeo.
- **Prazo: 18 de abril de 2011.**
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Dirección para el envío postal o por servicio de mensajería

Call for proposals VP/2011/002
Budget heading 04.03.03.02
European Commission – DG EMPL/B.1
J-54 01/004
B-1049 Brussels
Belgium

Dirección para la entrega en mano

Avenue du Bourget nº 1,
B-1140 Evere,
Belgium

- [Texto da convocatoria](#)
- [Punto de información comunitario:](#) Os solicitantes poderán enviar preguntas por e-mail a empl-04-03-03-02@ec.europa.eu
- [Formularios de solicitude](#)
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)



★ INVESTIGACIÓN



Convocatoria ARTEMIS 2011

- **Descrición:** cada proposta deberá incluír un enfoque tecnolóxico en polo menos unha das **prioridades industriais de Artemis** no contexto de polo menos un sub-programa. O desenvolvemento impulsado polas aplicacións das novas tecnoloxías e solucións pode dirixir os resultados do proxecto ás necesidades do usuario real e das empresas. As propostas beneficianse de ter un papel central para as aplicacións e os comentarios iniciais nos proxectos co fin de lograr resultados relevantes para o mercado. As propostas deben identificar a cales das prioridades dos sectores e sub-programas se dirixan.
- **Obxectivos:** a convocatoria de investigación ARTEMIS 2011 destínase a centrarse "**na investigación posterior orientada cara ao desenvolvemento tecnolóxico e cunha forte unidade de mercado**".
- **Solicitantes:** a empresa común Artemis levará a cabo a verificación dos participantes dos estados membros de Artemis e a súa contribución ás propostas de proxectos, con base nas verificacións levadas a cabo polas respectivas autoridades nacionais, en contra dos criterios nacionais de elixibilidade predefinidos de financiamento.
- **Financiamento:** o orzamento total das contribucións é de **65.448.750 €**.
- **Prazo:** **31 de marzo de 2011 ás 17:00:00** (hora local de Bruxelas)
1 de setembro de 2011 ás 17:00:00 (hora local de Bruxelas)
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos, vía [presentación electrónica](#).
- [Texto da convocatoria](#)



Punto de información comunitario: Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a helpdesk@artemis-ju.europa.eu

- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)

Convocatoria de subvencións a investigadores no marco do programa de traballo do Programa Europeo de Investigación en Metroloxía - PEIM 2010 Fase 3

- **Descrición:** A Comisión Europea anunciou a posta en marcha dunha convocatoria de solicitudes de subvencións a investigadores no marco do programa de traballo do Programa Europeo de Investigación en Metroloxía.
- **Obxectivos:**
Concretamente, convócase a **Fase 3** en nome dos consorcios dos proxectos conxuntos de investigación para **bolsas para a excelencia dos investigadores (REG)** e **bolsas para a mobilidade dos investigadores (RMG)**. As posibilidades de subvencións do PEIM para os investigadores están ligadas aos proxectos conxuntos de investigación financiados ao abeiro da Convocatoria PEIM de 2010 dedicada ao ámbito da Industria e medio natural.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta á participación de calquera persoa xurídica pública ou privada.
- **Financiamento:** A previsión de financiamento comunitario dispoñible para a convocatoria de propostas é:
 - * **Orzamento parcial para a área 1: 7,20 M €**
 - * **Orzamento parcial para a área 2: 1,44 M €**
- **Prazo:** 6 de maio de 2011.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos, vía [presentación electrónica](#).
- [Texto da convocatoria](#)
- **Punto de información comunitario:** Os solicitantes poderán enviar preguntas por correo electrónico a emrpA169@npl.co.uk



- [Guía do candidato](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 99/04](#) do 31.03.2011
- [Páxina principal no servidor Europa](#)

Convocatoria de Propostas - Rede Europea de Mentores para Mulleres Empresarias - 6/G/ENT/CIP/10/E/N01C21

- **Descrición:** Este proxecto pretende fomentar e apoiar o espírito empresarial das mulleres mediante a creación dunha Rede Europea de Mentores para Mulleres Empresarias.

O proxecto recoñece e apoia a singularidade das empresas incipientes femininas e pretende contribuír á supervivencia destas novas sociedades durante os primeiros anos, que son especialmente difíciles.

Está deseñado como achega á posta en práctica da Small Business Act (Acta da pequena empresa), especialmente do seu principio 1: Establecer un marco no que os empresarios e as empresas familiares poidan prosperar e no que se recompense o espírito empresarial.

- **Obxectivos:**
A presente convocatoria ten por obxecto crear redes nacionais de mentores para mulleres empresarias nun mínimo de quince países. O conxunto destas redes constituirá a Rede Europea de Mentores para Mulleres Empresarias. Convidase a participar ás organizacións activas no apoio ás empresas ou na promoción das mulleres empresarias.
- **Solicitantes:** Esta convocatoria está aberta a calquera tipo de organización.
- **Financiamento:** O orzamento total indicativo para os proxectos de prevención na presente convocatoria de propostas é de 1.000.000 €.
- **Prazo:** 31 de marzo de 2011.
- **Lugar de presentación de solicitudes:** As solicitudes mandaranse, cumprindo determinados requisitos a:

Dirección para el envío postal o por servicio de mensajería

European Commission
Enterprise and Industry Directorate-General
Call for proposals No: 6/G/ENT/CIP/10/E/N01C21
Directorate SMEs and Entrepreneurship — Unit E.1 Entrepreneurship

BREY 6/284



B-1049 Brussels, Belgium

Dirección para la entrega en mano

European Commission
Enterprise and Industry Directorate-General
Call for proposals No: 6/G/ENT/CIP/10/E/N01C21 Directorate
SMEs and Entrepreneurship — Unit E.1 Entrepreneurship
BREY 6/284
Service central de réception du courrier
Avenue du Bourget, 1-3
B-1140 Bruxelles, Belgique

- [Texto da convocatoria](#)
- [Guía do candidato](#)
- [Formularios de solicitude](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 96/06](#) de 29.03.2011
- [Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)
- [Páxina principal no servidor Europa](#)

Convocatoria de propostas - ERC Proof of Concept

- **Descrición:** Publicase a convocatoria de propostas para o programa de traballo «Ideas» 2011 do Sétimo Programa Marco da Comunidade Europea para accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración (2007 a 2013).
- **Financiamento:** 10 millóns de euros de ingresos (preto da metade dos cales serán para cada un dos dous ciclos de avaliación tras os prazos anteriores.) O orzamento final pode variar ata un 10% do valor total da chamada.
- **Prazo:** Primeiro prazo: 15 de xuño 2011 17.00.00 (hora de Bruxelas)
Prazo: 08 de novembro de 2011 17.00.00 (hora de Bruxelas)
- [Texto da convocatoria](#)
- [Punto de información comunitario](#)
- **Documento oficial de publicación:** [DO C 096/11](#) do 29.03.2011
- [Páxina principal no servidor Europa](#)



★ MEDIO NATURAL



Convocatoria LIFE+ 2011

- **Descrición:** O programa LIFE esta dirixido a protexer, conservar, restaurar, supervisar e facilitar o funcionamento dos sistemas naturais, os hábitats naturais e a flora e a fauna silvestres, co fin de deter a perda de biodiversidade, e, en particular, a diversidade de recursos xenéticos, na Unión Europea.
- **Obxectivos:** O obxectivo xeral de LIFE + consiste en contribuír á aplicación, actualización e desenvolvemento da política e a lexislación comunitarias en materia de medio ambiente, incluída a integración do medio ambiente noutras políticas, co cal contribuirá ao desenvolvemento sustentable. A través da Convocatoria de Propostas LIFE para o ano 2011 financiaranse proxectos nos seguintes temas:
 - **Natureza e biodiversidade LIFE**
 - **Política e gobernanza ambientais LIFE**
 - **Información e Comunicación LIFE**
- **Solicitantes:** Poderán presentar propostas as entidades establecidas nos Estados membros da Unión Europea, tanto as institucións como os axentes ou organismos públicos ou privados. As entidades ou organizacións que participen deberán dispor da súa sede social no ámbito xeográfico seguinte:
 - **Unión Europea (UE)**
 - **Espazo Económico Europeo (EEE)**
 - **Páíses Candidatos**



- **Asociación Europea de Libre Comercio (AELC)**

- **Financiamento:** O orzamento xeral para as subvencións das actividades dos proxectos de LIFE en 2011 é de **267 431 506 €**. Polo menos un 50 % do importe arriba mencionado asignarase a medidas de apoio á conservación da natureza e a biodiversidade.

- **Prazo:** 18 de xullo de 2011

- **Lugar de presentación de solicitudes:** As propostas han de presentarse en formularios de solicitude específicos. Os formularios, así como a guía para a presentación de solicitudes que inclúe explicacións detalladas sobre a subvencionabilidade e os procedementos, poden obterse no sitio Internet da Comisión na seguinte [dirección](#).

As propostas completadas han de presentarse en CD-ROM ou DVD.

- **Guía do candidato**

[Natura y Biodiversidade](#)
[LIFE + Política Ambiental e Gobernanza](#)
[LIFE + Información e Comunicación](#)
[LIFE +](#)

- **[Texto da convocatoria](#)**

- **[Resolución prazo y lugar de entrega BOE](#)**

- **[Outros documentos relacionados coa convocatoria](#)**

- **Documento oficial de publicación: [DO C 62/28 de 26.02.2011](#)**

- **[Páxina principal no servidor Europa](#)**